



SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS

INFORMACIÓN PÚBLICA

Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos



Facultade
Ciencias da Educación
Campus de Ourense

XUSTIFICACIÓN E INTERESE DO TÍTULO

Xustificación académica e interese académico, científico e profesional do Mestrado.

Convivir coa diversidade, e sobre todo aprender de e con ela, é un requisito necesario para o desenvolvemento harmónico das sociedades actuais. O Mestrado xurde da constatación de que nos ámbitos educativos, tanto que sexan formais como non formais, está presente esa diversidade. Non poden nin as institucións nin os profesionais que nelas exercen ignorar tal situación, debendo atender as demandas que a sociedade reclama a través dos individuos e dos colectivos afectados.

Para cubrir esta lagoa, no Mestrado contemplamos diferenzas orixinadas por trazos tanto persoais como culturais e comunitarios, reflectindo a situación real que se sucede no mundo educativo e social. Os profesionais relacionados co ámbito educativo terán a oportunidade de reflexionar e de adquirir competencias para actuar en contextos nos que poda estar presente unha diversidade orixinada por capacidades persoais, xénero, idade, sistemas lingüísticos e culturais, e situacións socioeconómicas diferentes, ámbitos que se recollen no amplo marco da atención á diversidade.

Na Memoria do Mestrado pódese consultar a xustificación do seu interese académico, científico e profesional, así como os referentes externos á Universidade e a descrición dos procedementos de consulta internos e externos empregados para a elaboración do plan de estudos.

<http://seguimientotitulos.ziblec.com/app/webroot/pdf/526fdf20b0504.pdf>

Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e dos obxectivos de calidade

Toda a información pública concernente a este procedemento pódese atopar nos documentos do Sistema de Garantía Interno da Calidade da web da Facultade de Ciencias de Educación de Ourense (epígrafe calidade/procedementos/estratéxicos/PE01).

Política e obxectivos de calidade de carácter xeral.

Política de calidade. O equipo decanal da Facultade de Ciencias da Educación comprométese, para todos os títulos que se imparten no centro, a:

- Proporcionar a formación continua adecuada a todos os nosos empregados, segundo as súas respectivas actividades, e facilitar os coñecementos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade enfocada á satisfacción das necesidades dos nosos usuarios.
- Establecer unha sistemática de actuación e documental, para asegurar a calidade dos nosos procesos.
- Conseguir un compromiso permanente de mellora continua como norma de conducta, propor e levar a cabo, as accións correctivas e preventivas que puidesen ser necesarias.
- Asegurar que a Política de Calidade é entendida e aceptada por todo o persoal do Centro e que se atopa a disposición do público.
- Asegurar que o Sistema de Garantía da Calidade mantense efectivo e é controlado e revisado de forma periódica.



SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS

INFORMACIÓN PÚBLICA

Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos



A política de calidade e o Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación atópase na web da Facultade / Calidade.

Anualmente establécese un plan de mellora do título, que inclúe obxectivos de calidade concretos